

OS CATRO AMIGOS

Texto de JACOB e WILHELM GRIMM

Adaptación de MARC TAEGER e XOSÉ BALLESTEROS

Ilustracións de GABRIEL PACHECO

Encadernado en cartoné. 22 x 22 cm. 36 páx. 14 €

Os catro amigos (galego)

ISBN 978-84-8464-733-1. Álbum ilustrado. Os contos do trasno.

Los cuatro amigos (castelán)

ISBN 978-84-92608-30-0. Álbum ilustrado. Cuentos tradicionales.

Els quatre amics (català)

ISBN 978-84-18558-19-1. Àlbum il·lustrat. Contes tradicionals.

Lau lagunak (euskara)

ISBN 978-84-9172-235-9. Album irudidunak. Herri ipuinak.

Os quatro amigos (português)

ISBN 978-989-8205-40-7. Álbum ilustrado. Contos tradicionais.

I musicanti di Brema (italiano)

ISBN 978-84-1343-070-6. Albo ilustrato. I racconti tradizionali.

Era unha vez un home que tiña un burro. Durante moitos anos o animal levou a carga ao muíño, mais agora, vello e canso, xa non tiña forzas para ese traballo. Así que o home, para aforrar uns poucos cartos, non lle volveu dar comida.


O burro, diante deste negro panorama, decidiu escapar a Bremen para facerse músico da rúa...

Un burro, un can, un gato e un galo son os protagonistas deste relato dos irmáns Grimm que anima a non decaer pese ás dificultades, porque sempre haberá oportunidades para saír adiante.

Partindo de que ningúén é imprescindible, esa historia destaca que todos somos útiles para desempeñar unha función na vida. Ademais, suxire que a unión fai a forza cando os animais conseguem escorrentar os malfeiteiros que atopan nunha casa do bosque.

«Os catro amigos», tamén coñecido como *Os músicos de Bremen*, é o conto máis significativo desta cidade alemá, afamada polo seu carácter liberal, acolledor e abierto. Dende 1953 unha estatua onda o concello enxalta a figura deste singular cuarteto.

As ilustracións de Gabriel Pacheco, co seu estilo tan definido, presentan uns animais humanizados, ataviados e caracterizados. A sinxeleza das escenas, a intensidade das cores, a calidez das texturas e a mestría dos clarescuros fan deste libro un clásico actualizado.



■ **Temática:** adaptación dun conto clásico dos irmáns Grimm.

■ **Idade recomendada:** a partir de 4 anos.

■ **Aspectos destacables:** música, animais

domésticos; superación, solidariedade, unión; outros relatos dos Grimm: «A casiña de chocolate» e «Os sete cabritos»; do ilustrador de «O poliño da abeleira» e «12 poemas de Federico García Lorca» (KALANDRAKA).

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/os-catro-amigos-g>

Jacob (1785-1863) & **Wilhelm** (1786-1859)

Grimm (Hanau, Hesse, Alemaña)

Ademais dos seus contos, os irmáns Grimm tamén destacaron polos seus estudos sobre a lingüaxe, polo que están considerados como os fundadores da filoloxía alemá. Ambos traballaron no eido bibliotecario e foron profesores universitarios en Kassel. Nesta cidade comezaron a recompilar relatos da tradición oral, que publicaron en varios volumes.

Gabriel Pacheco

(México DF, 1973)

Graduado en Escenografía polo Instituto Nacional de Belas Artes e Literatura de México. Estudou Debuxo na Escola Nacional de Artes Plásticas. Dende 1997 dedícase á ilustración de libros para público infantil e xuvenil. Recibiu numerosos recoñecementos: X Concurso Internacional de Ilustración Cittá de Chioggia (Venecia, 2004), Premio Internacional de Libro Ilustrado de México en 2000 e 2002, mención especial da Feira Internacional do Libro Infantil-Xuvenil de Boloña 2009, Premio Quórum do Consello de Deseñadores de México 2009. Traballa para editoriais de todo o mundo.

<http://www.instagram.com/gabrielpacheco00>

[www.Kalandraka](http://www.kalandraka.com).com

comunicacion@kalandraka.com